

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL

O Pleno do Concello de Monfero, en sesión ordinaria celebrada o día 16/12/2022, acordou a aprobación inicial da Ordenanza Reguladora de Expedición de Tarxetas Estacionamento para Persoas con Discapacidade que presenten Mobilidade Reducida do Concello de Monfero.

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 56 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que se estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentara ningunha reclamación, considerarase aprobado definitivamente devandito acordo.

Monfero, 19 de decembro de 2022

O Alcalde

Andrés Feal Varela